

Agás para os casos indicados en a), b) e c) durante as horas diúrnas cando se autoricen os voos para subir ou descender coa condición de que manteñan a súa propia separación e permanezan en condicións meteorolóxicas visuais.»

2. No capítulo 5, servizo de control de aeródromo, do libro cuarto suprimense os números 4.5.18, 4.5.18.1, 4.5.18.2, 4.5.18.3, 4.5.18.4, 4.5.18.5 e 4.5.18.6.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación do dereito da Unión Europea.*

Por esta orde incorpórase ao dereito español a emenda 43 ao anexo 11 do Convenio de Chicago, en consonancia co exixido no anexo II do Regulamento (CE) n.º 2096/2005 da Comisión, do 20 de decembro de 2005, polo que se establecen requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de novembro de 2007.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

MINISTERIO DO INTERIOR

20983 *ORDE INT/3543/2007, do 29 de novembro, pola que se modifica e determina o modelo, contido e formato da guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica, e se ditan instrucións para a súa confección. («BOE» 292, do 6-12-2007.)*

A Instrución técnica complementaria, número 20, do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, modificada polo Real decreto 277/2005, do 11 de marzo, dispón, no seu punto primeiro, que «A guía de circulación de materias regulamentadas se axustará, en cada caso, ao modelo que sexa aprobado por orde do ministro do Interior e publicado no Boletín Oficial del Estado».

O actual modelo da guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica foi aprobado de acordo co previsto no Real decreto 2114/1978, do 2 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de explosivos, que foi derogado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

É por iso necesario actualizar tanto a estrutura como o contido do dito documento ao previsto no Regulamento de explosivos vixente.

Esta orde conta co informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos da súa reunión do día 14 de novembro de 2007.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. Aprobación do modelo de guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica. Apróbase o modelo de guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica, cuxa forma e contido se insire como anexo I desta orde.

Segundo. Tramitación. A tramitación do dito documento realizarase de conformidade co disposto no Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

Terceiro. Instrucións para a súa confección. A guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica confeccionarase de acordo coas instrucións que se prevén no anexo II desta orde.

Disposición adicional única. *Addenda de actualización do Plan de seguranza.*

Ademais dos datos recollidos na guía de circulación para explosivos e cartuchería metálica, para cada transporte deberanse cumprir os datos que se soliciten na addenda de actualización ao Plan de seguranza, prevista na Instrución técnica complementaria, número 1, do Regulamento de explosivos, na redacción dada a esta polo Real decreto 277/2005, do 11 de marzo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 29 de novembro de 2007.—O ministro do Interior, Alfredo Pérez Rubalcaba.

**MINISTERIO DO INTERIOR**

DIRECCIÓN XERAL DA POLICÍA
E DA GARDA CIVIL

ANEXO I**GUÍA DE CIRCULACIÓN DE EXPLOSIVOS E CARTUCHARÍA METÁLICA****NÚMERO**

<i>DATOS XERAIS</i>				
Intervención de Armas e Explosivos de _____				
Material:				
Tipo de guía:				
<i>PEDIDO DE SUBMINISTRACIÓN (Só para explosivos)</i>				
Número pedido:		Data:	Solicitante:	
<i>DESCRIPCIÓN COMPLETA DA MERCADORÍA</i>				
Clase/ División	Núm. catálogo	Denominación	Cantidade	Número identificación
<i>DATOS DO TRANSPORTE</i>				
Solicitante do transporte:				
Provedor:				
Orixe:				
Destino:				
Medio de transporte:				

RESPONSABLES DA MERCADORÍA

SAEN a clase e cantidade dos produtos que figuran nesta guía.

O PROVEDOR

Asdo. _____.

RECIBÍN a clase e cantidade dos produtos que figuran nesta guía

O TRANSPORTISTA

Asdo. _____.

RECIBÍN a clase e cantidade dos produtos que figuran nesta guía.

O DESTINATARIO

Asdo. _____.

REPAROS

Polo transportista:

Polo destinatario:

DILIXENCIA DE AUTORIZACIÓN

Cúmprese co disposto en ITC número 1 do Regulamento de explosivos e número décimo segundo da Orde do 23 de abril de 1997, pola que se concretan determinados aspectos en materia de medidas de seguranza, en cumprimento da Lei e regulamento de seguranza privada.

_____, ____ de _____ de 20__

O INTERVENTOR DE ARMAS E EXPLOSIVOS DE ORIXE

Asdo. _____.

DILIXENCIA DE COMUNICACIÓN EN DESTINO

As _____ horas de hoxe, o destinatario pon en coñecemento desta Intervención de Armas e Explosivos que a expedición a que se refire a guía chegou ao seu poder.

_____, ____ de _____ de 20__

O INTERVENTOR DE ARMAS E EXPLOSIVOS DE DESTINO

Asdo. _____.

ANEXO II

Instrucións para a confección do documento

Datos xerais:

Nesta epígrafe farase constar a Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil que autoriza a guía de circulación.

Unha breve indicación do tipo de material que se transporta (explosivos, detonadores, mechas, cordón detonante, cartucharía metálica, etc).

En «tipo de guía» consignarase «EXPLOSIVOS» ou «CARTUCHARÍA METÁLICA».

Pedido de subministración:

Esta epígrafe cubrirase unicamente cando se trate de transportes de explosivos, coa excepción que se establece no artigo 245.3 do Regulamento de explosivos.

Descrición completa da mercadoría:

Nesta epígrafe reflectiranse os datos completos de cada clase de materia regulamentada que se transporte.

Na epígrafe «cantidade», indícarase peso (kg), medida (metros) ou unidades, segundo o tipo de materia regulamentada de que se trate.

Na epígrafe «N.º de identificación», indícarase a clave de identificación completa (números e letras), podendo, en caso de ser consecutivos, anotarse da seguinte maneira (AT 023 100806 B 34156 20-50).

Pódese achegar un anexo en caso de que a cantidade de mercadoría non poida ser indicada na súa totalidade na guía de circulación. O dito anexo axustarase ao modelo que se achega coas instrucións.

Datos do transporte:

Solicitante do transporte: nome e domicilio (persoa física ou xurídica).

Provedor: nome e domicilio (persoa física ou xurídica).

Orixe: situación do depósito subministrador.

Destino: situación do lugar do consumo.

Medio de transporte: vehículo, ferrocarril, barco ou aeronave.

O solicitante ou provedor deberalle comunicar previamente ao momento da saída dos transportes de cartucharía metálica en cantidade inferior a 5.000 unidades os datos do vehículo e matrícula mediante correo electrónico á Intervención de Armas e Explosivos correspondente.

Nos transportes de explosivos e cartucharía en cantidade superior a 5.000 unidades, os datos completos do medio de transporte que se pretenda utilizar figurarán na addenda de actualización ao Plan de seguranza, ademais de dar cumprimento a todo o que se dispón na Instrución técnica complementaria, número 1, do vixente Regulamento de explosivos.

Responsables da mercadoría:

Deberá asinar cada un dos responsables implicados no transporte.

Reparos:

Polo transportista: nesta epígrafe anotarán aqueles reparos que consideren oportunos relacionados co desenvolvemento do transporte.

Polo destinatario: nesta epígrafe anotarán os reparos a que se refire o artigo 248.2 do Regulamento de explosivos.

Dilixencia de autorización:

Esta epígrafe será cuberta pola Intervención de Armas e Explosivos de orixe.

Dilixencia de comunicación en destino.

Esta epígrafe será cuberta pola Intervención de Armas e Explosivos de destino, unha vez recibida a comunicación a que se refire o artigo 248.3 do Regulamento de explosivos.

Nota: se, por causas xustificadas, variase algún dos datos que figuran na guía de circulación no momento de se iniciar o transporte, procederase á súa anulación e expedirse unha nova cos datos actualizados.

Nos casos en que a relación de materia regulamentada que se pretenda transportar non teña cabida no espazo correspondente do documento de guía de circulación, utilizarase un anexo conforme o modelo que se achega con esta orde

ANEXO Á GUÍA DE CIRCULACIÓN NÚMERO

Clase/ División	Número Catálogo	Denominación	Cantidade	Número identificación